

**O ROSAL****A N U N C I O**

Non presentándose alegacións contra o acordo de aprobación inicial do Regulamento do Servizo Municipal de Auga e Saneamento do Concello do Rosal, queda aprobado definitivamente o mesmo procedéndose á súa publicación íntegra para a súa entrada en vigor.

**REGULAMENTO MUNICIPAL DO SERVIZO  
DE ABASTECIMENTO DE AUGAS  
E SANEAMENTO***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

O Concello de o Rosal para dar cumprimento o deber do Concello legalmente establecido no artigo 25.1.1 e) e 26.1.a) da Lei 7/85 de bases de réxime local de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento precisa dun desenvolvemento e posta en marcha das infraestruturas existentes no Termino municipal de O Rosal e como tal servizo require da aprobación e entrada en vigor dun regulamento de servizo de abastecemento e saneamento. A prestación do servizo de abastecemento de auga deberá realizarse de acordo co disposto no RD 140/2.003 de 7 de febreiro polo que se establecen criterios sanitarios do auga de consumo humano e a propia Directiva comunitaria 98/83/CE do Consello, de 3 de novembro, relativas á calidade das augas destinadas a consumo humano. Para a prestación do servizo saneamento estarase o disposto na Lei 10/98 de residuos e a propia Lei Galega 10/97 de residuos sólidos urbanos.

**CAPITULO I****OBXECTO, AMBITO DE APLICACION  
E CONDICIÓNS DO SERVIZO***ARTIGO 1.—OBXECTO*

1. O Regulamento ten por obxecto establece-las normas respecto ás unidades de prestación dos servizos de subministración de auga potable e saneamento no municipio de O Rosal e as súas características, regula-las relacións entre o Concello e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigacións básicas, así como recolle-lo ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.

2. Para os efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase “abonado” ó usuario que teña contratado o servizo de augas ou saneamento.

O abonado debe ser titular do dereito de uso do inmovible, local ou industria.

#### ARTIGO 2. SERVICIO PUBLICO

1. O servizo de abastecemento de auga potable e saneamento nas parroquias onde se preste o servizo polo Concello é un servizo público municipal.

2. O servizo de abastecemento de auga potable e saneamento é de carácter público e terán dereito a súa utilización cantas persoas físicas ou xurídicas ou entes administrativos o requiran, sen outras limitacións que as previstas neste regulamento e as derivadas da satisfacción do interese público.

3. Baixo ningún concepto existirán subministro de auga municipal gratuítos, nin contratos especiais que estipulen prezos inferiores ás tarifas legalmente vixentes. Non se poderán concertar convenios ou contratos que contradigan o disposto no presente regulamento.

#### ARTIGO 3. DEREITOS E OBRIGAS DO CONCELLO

Con independencia da forma de xestión do servizo, corresponderalle ó Concello cos recursos ó seu alcance:

- a) Planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para captar, regular, conducir, depurar, almacenar e distribuír auga potable á poboación do Municipio de O Rosal, así como para recoller, conducir, separar e depurar as augas residuais para o seu verquido ás canles públicas, consonte as condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicable, utilizando para o efecto os recursos e medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten dos investimentos que se realicen.

Incúmbelle ó concello a conservación, mantemento e explotación das obras e instalacións destinadas a abastecemento de augas que sexan executadas polo Estado, a Xunta de Galicia ou outras Entidades Locais, unha vez que se lle entregue ó Concello as referidas obras.

- b) A tramitación e execución de conexións de subministración de auga e saneamento a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para o seu uso en edificios, locais ou recintos situados dentro da área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e foran aprobadas pola corporación municipal.

Non obstante, poderá acordarse a execución das conexións polo interesado ou promotor

nos casos en que sexa aconsellable, en atención ás circunstancias das obras, á complexidade destas ou, especialmente, nos casos en que esta fora procedente segundo a lexislación urbanística, especialmente para os supostos de edificacións novas ou de urbanizacións.

En todo caso, de acordarse a execución polo propio interesado ou promotor, esta efectuarase logo da correspondente autorización municipal e solicitude de licenzia de obra, coa presentación de presuposto por empresa autorizada e prestación de garantía equivalente ó importe das obras e posterior inspección municipal.

- c) Subministrarlles augas ós usuarios garantindo a súa potabilidade consonte ás disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro (considerada, con carácter xeral, como inicio da instalación interior do abonado), así como efectuar a recollida de augas fecais ou residuais desde a arqueta situada no límite da propiedade do abonado co dominio público.
- d) Informarlles ós abonados, sempre que sexa posible e polos medios axeitados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no contrato de subministración como resultado das súas actuacións ou de terceiros.
- e) Contestar ás reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.
- f) Aplicar-las prezos e cadros de tarifas correspondentes ós distintos tipos de subministración e saneamento que, en cada momento, se teñan aprobados.
- g) Inspeccionar, revisar e intervir nas instalacións interiores da subministración que, por calquera causa, se encontren ou poidan encontrarse en servizo.
- h) Percibir directamente ou ben a través do correspondente organismo de recadación autorizado o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, lles correspondan pagar ós abonados e usuarios polas prestacións que foran autorizadas.

#### ARTIGO 4. OBRIGAS DO ABONADO

Son obrigacións do abonado, calquera que fose a modalidade de xestión do servizo:

- a) Todo abonado virá obrigado a aboar puntualmente os cargos que o Concello lle formule consonte ós prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente regulamento. A obrigatoriedade do pagamento íntegro dos consumos de auga considerarase extensiva ós casos nos

que os mesmos se orixinasen pola fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ó concello.

- b) Respecta-las instalacións que integran a infraestrutura dos servizos, redes de distribución de auga potable evacuación de augas residuais e conexións correspondentes, como bens de servizo público, prohibíndose a manipulación ou alteración de calquera elemento das mesmas polo persoal non autorizado.
- c) Proporcionarlle ó Concello os datos interesados por el, en relación co contrato de subministración e as variacións que se poidan presentar.
- d) Mante-las súas instalacións de forma que non se produzan perturbacións nas redes públicas de abastecemento e saneamento, e utilizar de forma axeitada as instalacións do servizo, adoptando as medidas necesarias para conserva-las mesmas na forma adecuada, mantendo intactos os precintos que garanten a non manipulación do contador, absténdose de intervir sobre as instalacións de conexión, e garantindo as condicións idóneas para a toma de lecturas de consumo.
- e) Os abonados deberán en interese xeral e no seu propio, comunicarlle así mesmo ó Concello calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, verquidos incontrolados, etc...) que ó seu xuízo se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas. Analogamente, deberán comunicarlle ó Concello a existencia de obstrucións na rede de saneamento, que produzan ou sexan susceptibles de producir desbordamentos, olores ou calquera tipo de molestias ós cidadáns. Igualmente, deberán notificarlle ó Concello as manipulacións nas redes ou usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.
- f) Cumpri-las limitacións e prioridades que o Concello estableza no uso e consumo de auga, así como da rede de sumidoiros.
- g) Colocar o contador do servizo en lugar con acceso libre á vía pública, no caso de edificios a sala de contadores será de libre acceso ou se depositará unha copia da chave nas dependencias municipais. Facilitarlle-lo libre acceso ás instalacións, ós empregados do Concello ou empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.
- h) Os abonados non poderán, baixo ningún concepto, cederlle gratuitamente ou remunera-

damente auga a terceiros, xa sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsable de toda defraudación que se produza na súa subministración, ben por si ou por persoa que del dependa.

- i) Os abonados están obrigados a solicitar do Concello a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique modificación no número de receptores ou cambio no uso da auga.
- j) Cando o abonado desexe causar baixa na subministración, estará obrigado a interesarlle ó Concello dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura do contador, precintado do mesmo e factura-lo consumo correspondente.
- k) Cando nun mesmo predio, xunto á auga do servizo municipal, existise auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer nas instalacións interiores medios axeitados para evita-la entrada desas augas na rede xeral. O Concello non se responsabilizará da calidades das augas nas instalacións interiores, advertíndoselles ós abonados da responsabilidade na que poden incurrir de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da traxida pública.
- l) O abonado, baixo a súa exclusiva responsabilidade intransferible a terceiras persoas, non poderá:
  - 1. Incluír nos encanamentos de abastecemento sen autorización previa do Concello, bombas ou calquera aparello que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu contorno e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.
  - 2. Revender ou ceder, incluso a título gratuito, a auga subministrada polo Concello.
  - 3. Modifica-los accesos ós contadores e aparellos de medida, sen comunicarllo ó Concello.
  - 4. Utiliza-la auga do servizo público para fins distintos dos contratados.
  - 5. Manipula-las instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.
  - 6. Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos.
  - 7. Ocasionar voluntariamente ou por conducta negligente fugas de auga.

**ARTIGO 5. DEREITOS DO ABONADO**

Serán dereitos dos abonados:

- a) Recibir nas súas instalacións auga que reúna os requisitos de potabilidade establecidos nas disposicións vixentes.
- b) Dispoñer permanentemente da subministración de auga potable, consonte ás condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente regulamento e as demais disposicións que sexan de aplicación.

**ARTIGO 6. PERSOAL DO SERVICIO**

1. O persoal do Concello ou da empresa que realice funcións de asistencia ou mantemento do servizo irá provisto obrigatoriamente dun documento expedido por aquel, no que consten os datos de identificación persoal e da súa condición profesional.

2. Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do Concello ou empresa contratada pola entidade local, ou contra o que considera calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido ó rexistro xeral do Concello do Rosal.

3. Nas reclamacións que se poidan formular sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado e estar ó día no pagamento dos recibos correspondentes.

Contra as resolucións do Concello poderá interpor os recursos e reclamacións que sexan posibles e previstos na lexislación vixente.

4. As reclamacións que se formulen polos danos e perdas que se causen polo Concello rexeranse pola lexislación aplicable, en concreto polos artigos 139 e seguintes da Lei 30/92 de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, así como o RD 429/93 polo que se regula o procedemento para a esixencia da responsabilidade patrimonial ás Administracións públicas.

**CAPITULO II****SUBMINISTRACION DE AUGA,  
CONEXIONS DE VERQUIDO E POLIZA DE ABONO****ARTIGO 7. SOLICITUDE DE SUBMINISTRO**

Denomínase póliza de abono ó contrato suscrito entre o Concello e o abonado, que inclúe os termos e condicións pactados para a subministración de auga e a prestación do servizo de saneamento.

Para a petición da subministración:

- No caso de vivenda nova, o usuario presentará licenzia de primeira ocupación e o boletín de instalación de fontanería da Delegación de industria.
- No caso dunha obra, o petionario presentará a licenzia para a mesma, realizándose un contrato de auga de obra que se terá dar de baixa unha vez rematada.
- No caso dunha industria ou comercio, o usuario presentará licenzia municipal de apertura.
- No caso de edificios deberá indicarse o piso ou local para o que se solicita a obra e deberá identificarse o contador que lle corresponde na sala de contadores.

Os solicitantes deberán indicar o técnico que realizará a conexión e no caso de ser precisa obra nova deberán solicita-la correspondente licenzia de obra.

En ningún caso se procederá a subministración se non se realizan os anteriores requisitos. Nos casos que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral. Non se lle subscribirá contrato de subministración a aquel usuario con recibos pendentes de cobramento, sexa cal fose a situación da nova subministración solicitada.

Baixo ningún concepto se farán concesións gratuítas, calquera que sexa o carácter e natureza do petionario, considerándose caducadas as que actualmente puideran existir. O traslado do domicilio e a ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato esixe novo contrato ou, de se-lo caso, a subrogación do anterior sempre que se cumpran todos os requisitos deste regulamento.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, agás no especificado no artigo 11º.

**ARTIGO 8. PRESENTACION DA SOLICITUDE**

1. A solicitude de conexións ás redes de distribución de auga potable e de evacuación de augas residuais deberá presentarse de forma independente para cada vivenda ou local que legal ou fisicamente constituía unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento. Consideranse unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concello poderá decidi-la conveniencia de realizar a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha conexión.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dunha subministración de auga ou dun colector de verquidos por outro predio ou propiedade distinta

daquela para a que se contratou, aínda cando pertencen a un mesmo dono. No caso de segregacións ou parcelacións deberan comunicárselle ó concello, para a modificación das condicións de conexión e, se é o caso, da póliza de servizo.

De proceder a modificación das condicións da conexión, esta efectuarase segundo o sinalado no art. 3 b).

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concello, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible poderá contratar, á súa costa, conexións independentes.

#### ARTIGO 9. SERVICIO A URBANIZACIONES E AMPLIACION DO SERVICIO

1. As extensións das redes de abastecemento e/ou saneamento para edificacións novas ou antigas que non o posúan serán a cargo do abonado e pasarán a formar parte da rede municipal.

2. As instalacións das redes de abastecemento e saneamento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor con suxeición o correspondente proxecto de urbanización aprobado polo Concello. En todo caso a recepción require da inspección e informe dos servizos técnicos municipais e acto expreso de aceptación dos bens obxecto de cesión.

3. Para os efectos deste regulamento entenderase por urbanización aqueles terreos sobre os que a actuación urbanística esixa a creación, modificación ou ampliación de infraestrutura viaria e de servizos.

4. O permiso de conexión de subministración e saneamento para a urbanización, así como para os inmobles situados nel, estarán supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- a) Os esquemas das redes interiores de distribución e saneamento, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ser aprobadas polo Concello e proxectadas por técnico competente, debendo executarse pola conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono.
- b) As obras e instalacións que se prevén no proxecto aprobado e as modificacións que convenientemente se autoricen polo Concello, introducidas posteriormente, executaranse igualmente pola conta do promotor ou propietario, e sempre baixo a dirección dun técnico deste último.
- c) O Concello poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas e ensaios que estime convenientes, co fin de garantir a idoneidade de execución e o cumprimento

das especificacións de calidade que lles afecte ós materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

No caso de que se comprobe a non idoneidade da instalación de saneamento ou abastecemento proxectada, o Concello deberá promover unha modificación do proxecto de urbanización ou documento análogo co gallo de garantir a axeitada implantación dos servizos na urbanización.

5. O enlace das redes coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada polo Concello, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que houberan de efectuarse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo .

6. Unha vez rematadas as instalacións, serán verificadas polos servizos técnicos do Concello e, se as encontra conformes, serán obxecto de informe no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que vaian a formar parte do dominio público, asumindo a xestión e o mantemento dos servizos de abastecemento e saneamento.

Poderán denegarse a solicitude de conexión ou conexións ás súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

- a) Pola falla de presentación de calquera dos documentos esixidos.
- b) Polo incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a requisitos previos para a conexión ás redes públicas.
- c) Cando a cota de verquido do inmovible para o que se solicita a conexión da rede de saneamento sexa inferior á da rede de condución xeral correspondente, salvo que o propietario instale, á súa custa, o sistema de bombeo axeitado.
- d) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer pola propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no rexistro de propiedade ou no se adquira a franxa de terreo afectada.
- e) Cando a presión no punto de conexión de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se instalase a cargo do abonado, o grupo de elevación e alxibe correspondentes.
- f) Cando a presión no punto de conexión de abastecemento sexa excesiva para un correcto servizo, e non se instalasen, a cargo do abonado, as medidas de redución de presión axeitadas.

*ARTIGO 10. CONEXIONS PROVISIONAIS*

1. Excepcionalmente, o Concello poderá conceder conexións ou tomas de auga con carácter provisional ou temporal para obras. Estas tomas concederanse sempre en precario, rexéndose polas mesmas condicións xerais establecidas, maila que e poida determinar particularmente para este caso.

2. En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para unha conexión de obra. Ó remata-las obras o constructor comunicarlle este feito ó Concello e quedará clausurada automaticamente esta conexión, rexéndose a subministración polas condicións xerais establecidas, ou polas que se poidan establecer atendendo ó carácter e finalidade do mesmo.

3. Ata a sinatura das pólizas definitivas do servizo, manterase en vigor a póliza de servizo provisional para obra, sendo o constructor ou solicitante autorizado o responsable de aboar toda a auga consumida, a que se lle facturará á tarifa de obra, independentemente do uso que tivese.

*ARTIGO 11. TITULAR DO SUBMINISTRO*

1. O contratante da subministración e saneamento será o titular ou titulares do predio, local ou industria para abastecer ou que o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo. De se-lo caso, o contratante poderá selo inquilino, con autorización bastante da propiedade.

Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ó concello, no caso de incumprimento do contrato de subministración e saneamento por parte do inquilino.

2. Non poderá ser abonado da subministración e saneamento quen, séndoo con anterioridade para outro predio, local ou industria, fose penalizado con suspensión da subministración ou resolución do contrato por falta de pagamento ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigacións, coas recargas, xuros e gastos que houbera lugar.

3. Toda conexión destinarase exclusivamente ós usos para os que fose solicitada e concedida, debendo comunicarlle o abonado previamente ó Concello calquera modificación, para solicita-la súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade do predio, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato de subministración, ambos deberán comunicar fidedignamente, dentro do prazo de 1 mes, o cambio co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministración a nome do novo titular.

5. Nos casos nos que os titulares do contrato de subministración fosen os inquilinos, o novo inquilino deberá substituí-la autorización do propietario á que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra semellante ó seu nome. Se houberse modificación da propiedade do predio, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministración e saneamento, o novo propietario entenderase inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que lle puidesen ocasionar ó Concello ós inquilinos do inmovible, cando estes non os asumisen.

6. Nos casos nos que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só os poderá contrata-lo seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos nos que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá se-lo titular da licenza municipal.

*ARTIGO 12. ALTA NO SERVICIO*

Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do interesado e subscrición da correspondente póliza, na que se fará constar as características da subministración e que producirá efectos económicos dentro do trimestre en que comece o disfrute do servizo e coa facturación correspondente ó trimestre completo. No caso de contadores colectivos, cada unha das vivendas ou locais subministrados a través dese contador abonará a cota de “alta de contrato” especificada na ordenanza fiscal correspondente.

Cada vez que se produza unha alta pagaranse as taxas municipais de acordo co establecido na ordenanza fiscal. As baixas solicitaráas o titular do contrato, que subscribirá a correspondente solicitude e trala comprobación e pagamento dos recibos pendentes e do trimestre no que se solicita a baixa, pasarase orde para o corte da subministración e precintarse a chave de paso. O período de facturación poderá ser obxecto de modificación pola ordenanza fiscal que corresponda.

*ARTIGO 13. USOS PERMITIDOS E PROHIBIDOS.*

A prestación do servizo clasificarase segundo o especificado na ordenanza fiscal polos tipos de tarifas, pero como norma xeral será:

1. Uso domésticos. Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación de alimentos e hixiene persoal.

2. Outros usos: Serán todos aqueles nos que o auga non se utilice para os usos descritos no apartado anterior:

I. Subministro para usos comerciais: Se considerarán como tales todos aqueles subminis-

tro nos que o auga constitúa un elemento indirecto e non básico nunha actividade profesional, comercial, fabril ou industrial.

- II. Subministro para usos industriais: Entenderanse como tales todo aquel subministro nos que o auga constitúa un elemento directo e básico, ou imprescindible na actividade industrial ou comercial.

É obrigatorio formalizar contrato de subministro, independente ó subscrito con carácter doméstico, para local comercial ou industrial existente no inmovible aínda que non exista división rexistral.

- III. Usos municipais: Son aqueles que corresponden ós edificios e instalacións municipais que se encontren afectos a uso ou servizo público que quedarán exentos de pago.

- IV. Subministro para obras: O auga que empregan os contratistas exclusivamente para o período de construción dos inmovibles.

- V. Usos especiais. Son aqueles non incluídos nas modalidades anteriores.

Non se permite o uso agrícola ou gandeiro que supere os límites establecidos na correspondente ordenanza fiscal.

#### ARTIGO 14. SUSPENSION DO SERVICIO

1. A utilización inadecuada por parte dun abonado do servizo de saneamento ocasionará suspensión do servizo de abastecemento, como medida complementaria.

2. O Concello poderá suspenderlle o servizo de abastecemento e/ou saneamento a un abonado nos seguintes casos:

- a) Se non satisface, puntualmente, o importe dos servizos conforme ó estipulado na ordenanza fiscal.
- b) Por falta de pagamento das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude ou no caso probado de reincidencia no mesmo.
- c) En todos os casos nos que o abonado empregue a auga que se lle subministre en forma ou para usos distintos dos contratados.
- d) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministración de auga ou evacuación de residuais a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo.
- e) Cando o abonado non lle permita a entrada no local ó que lle afecta a póliza de servizo, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado polo Concello e provista da correspondente documentación acreditativa, trate de revisa-las instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga

consta-la negativa ante testemuñas ou en presenza dalgún axente da autoridade.

- f) Por negligencia do abonado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.
- g) No caso de realizar verquidos non autorizados que poidan producir danos nas instalacións de saneamento ou depuración, atendéndose o concello á lexislación vixente.
- h) No caso de que o abonado utilice a auga para rega de hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual cando estea prohibido por Bando da Alcaldía.
- i) Por incumprimento da orde de reparar ou substituír o contador ou a reparación das instalacións se notificado por escrito transcorrese un prazo superior a sete días.
- j) Por imposibilidade continuada da toma de lectura por causas imputables ó usuario ou abonado.

3. Os gastos orixinados polo restablecemento serán por conta do abonado, que non recuperará o servizo ata que non proceda o seu pagamento.

#### ARTIGO 15.-RESERVAS DE AUGA

1. O Concello poderá establecer condicións e prioridades no uso de auga potable, no suposto de restriccións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga, empregando o seu mellor criterio para reducirle o dano á poboación afectada e, comunicando as medidas adoptadas, informaráselles ás autoridades competentes e comunicarse a través dun dos medios de difusión máis axeitados.

2. Os abonados que prevexan utiliza-la auga para alimentar aparellos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución da presión da subministración, en todos os locais nos que se desenvolve calquera tipo de actividades na que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade de persoas ou bens, e, especialmente, en centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais, deberán dispoñer de depósitos de reserva con capacidade suficiente e adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garanti-la continuidade do servizo, sen prexuízo do que establezan as regulamentacións específicas de cada sector.

Igualmente as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos deberán dispoñer de depósitos de reserva, de xeito que quede asegurado o seu abastecemento durante, alomenos 24 horas. O Concello quedará exonerado de responsabilidade patrimonial nestes casos, que polas súas

características especiais deberán proveerse de medios de reserva.

3. O Concello non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falla de subministración motivada por avarías ou pola normal manipulación da rede. Así como dos danos e perdas que se poidan ocasionar como consecuencia de anomalías na rede de distribución do edificio ou calquera outro dispositivo que se encuentre dentro do domicilio particular do aboado.

#### ARTIGO 16. DEPOSITOS DE RESERVA EN EDIFICIOS

1. En todos os edificios que por albergar un alto número de usuarios, a presión da rede no punto de conexión poida ser insuficiente para o correcto abastecemento, estarán obrigados á instalación dun grupo elevador e depósito que garante o abastecemento regular a todas as vivendas ou locais do predio.

É aconsellable que o edificio teña depósito de reserva, con capacidade para alomenos 24 horas de consumo normal.

2. Como medida de hixiene e control recoméndase que estes depósitos dispoñan dos medios adecuados para a súa doada e eficaz limpeza periódica.

Obrigatoriamente, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugadoiro e tubo de ventilación.

O desaugadoiro do depósito de reserva irá conectado á rede de saneamento.

3. Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriamente ó tramo de conexión interior, é dicir, con posterioridade ó emprazamento do contador.

#### ARTIGO 17. INSTALACIONES INTERIORES

1. Enténdese por instalación interior de abastecemento a comprendida a partir da chave de rexistro de conexión.

2. O propietario dun edificio, local ou vivenda será responsable das avarías que se produzan na instalación interior.

3. O propietario realizará, ó seu cargo, coa maior rapidez que lle sexa factible e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, a reparación das avarías que se presenten a partir da chave de rexistro. O Concello procederá ó corte de subministración ata que se efectúe a reparación e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma antes de proseguir-lo servizo.

4. Se, a xuízo do Concello ou do técnico competente, se determinara que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións ou ameaza dos danos graves, o Concello poderá suspender-la subministración de forma inmediata, poñéndoo en coñecemento do interesado.

Neste caso, como naqueles outros nos que exista necesidade de acomete-la reparación con urxencia, o concello poderá repercutirlle ó abonado os gastos nos que se incorrese, debidamente xustificadas.

#### ARTIGO 18. SISTEMAS CONTRA INCENDIOS

1. A conexión á rede pública de abastecemento das conexións para sistemas contra incendios esixirá a sinatura dun contrato específico entre o Concello e o abonado.

2. Dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministración ordinaria e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles. A utilización da rede contra incendios será unicamente con este fin.

3. Efectuada a instalación, as bocas de incendio serán precintadas polo persoal do Concello, enténdéndose que foron utilizadas cando desapareza o precinto. De non seren utilizadas na extinción dun edificio, o abonado debe poñelo en coñecemento do Concello co fin de que se repoñan os precintos correspondentes e evitar posibles responsabilidades derivadas.

4. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes no predio no que se instale e non poderá ser concertada derivación ningunha para outros usos.

5. Nas instalacións contra incendios non se instalará contador nin se rexerá cargo ningún derivado do maior ou menor consumo de auga nin polos verquidos da mesma á rede de saneamento. De ser necesaria a utilización das bocas de incendio, facturarase exclusivamente polo concepto de dispoñibilidade do servizo e pola tarifa mínima industrial vixente en cada momento, segundo a ordenanza fiscal correspondente.

#### ARTIGO 19. OBRAS EN ZONAS DE DOMINIO PUBLICO

1. Para a execución de obras de urbanización e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o Concello autorizará, a pedimento da entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rego ou hidrantes.

2. Cando o solicitante sexa o contratista da obra, deberá constituír previamente ante o Concello, para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ó dobre do valor de reposición da boca de rego ou hidrante.

A constitución deste depósito e o dereito a utilizar a auga por estes medios quedará reflectido nun acordo específico. O depósito seralle devolto ó contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización da subministración, se non se producisen danos.

3. O consumo de auga ó que se refire o presente artigo será aboado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que o Concello instala para tal efecto.

4. Salvo os casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rego ou hidrantes só lles estará permitida ós servicios públicos de extinción de incendios e a outros servicios municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pagamento os consumos que se produzan pola utilización daquelas.

### CAPITULO III

#### CONEXIONS

##### ARTIGO 20. ACOMETIDAS

- a) Enténdese por conexión de abastecemento o ramal que, partindo dun encanamento de distribución, conduza a auga ó pé do edificio ou o límite da propiedade que se desexe abastecer. Esta conexión comprende dende o colarín de toma no encanamento xeral ata a chave de rexistro situada nunha arqueta de rexistro ó pé da edificación. Estará formada por un encanamento único de características específicas segundo o caudal e presión de auga para subministrar.
- b) Enténdese por conexión de saneamento o colector das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento ou nave industrial) que se entende desde a arqueta situada no borde do predio ou propiedade pública ou privada ata o pozo de rexistro de saneamento ó que está conectado. As instalacións que non se axusten a estas normas serán obrigadas a adaptarse ante calquera modalidade ou reparación nas conexións. Para os efectos das obrigacións do Concello, este deberá realizalo ó seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral á que estea conectada a conexión e ata o pozo de rexistro onde se produza o entroncamento da mesma. Os custos de mantemento, substitución e reparación da conexión serán a cargo do abonado. No caso de execución de conexións clandestinas, por parte do propietario, suspenderase o servicio ata que teña a autorización correspondente e unha vez aprobada aboará os custos totais de execución da conexión, previamente a realización do contrato.
- c) Denomínase rede de distribución de auga potable o conxunto de encanamentos, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalados nas rúas, prazas, camiños e demais vías públicas para distribuí-la auga á poboación.
- d) Denomínase rede de saneamento ó conxunto de colectores, sumidoiros e rexistros, con

todos os elementos de bombeo, control e accesorios, instalados nas rúas, prazas, camiños e demais vías públicas, que serven para a evacuación das augas residuais ata a canle pública ou as estacións depuradoras.

##### ARTIGO 21. CONDICIONS DE PRESTACION DO SERVICIO

- a) A subministración de auga ou a autorización para verquidos das augas residuais será autorizada polo Concello e prestado con suxeición a este regulamento e demais disposicións de carácter xeral. De calquera xeito, os verquidos a canles públicos realizaranse sempre nas condicións e circunstancias e cos límites impostor sa vixente lexislación de augas, á que deberá axustarse plenamente o presente regulamento.
- b) O Concello poderá establecer limitacións na prestación do servicio de subministración de auga ou para autorizar os verquidos de augas residuais ou realizar dito servicio en precario, cando as circunstancias do caso así fagan aconsellable, segundo as condicións previstas no artigo correspondente deste regulamento.
- c) Como norma xeral, non se concederán illadamente conexións de subministración de auga potable nin de verquido de augas residuais e tramitaranse asemade ambas solicitudes.

As obras correspondentes executaranse, ó mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servicio.

##### ARTIGO 22. OBRIGAS ECONOMICAS DO SOLICITANTE

A determinación das características das novas conexións ou da ampliación do servicio dun inmovible, a súa instalación, conservación e manexo, será sempre competencia exclusiva do servicio de augas do Concello.

Para o caso de que a execución dos traballos se asuma por este, farase a cargo do petionario segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros aprobada polo Concello. Toda persoa que desexe conexión de abastecemento e/ou conexión de verquido de augas residuais, faralle unha solicitude no Concello, o cal realizará un informe das condicións necesarias de conexión. De proceder a execución polo Concello engadirá un orzamento, segundo tarifa vixente, do custo de ditas conexións, que satisfará o solicitante antes de dar comezo ás obras. Normalmente existirá unha conexión para dar servicio a unha obra, edificio, portal ou inmovible. Mais se un inquilino ou alugueiro de parte do inmovible desexase unha subministración especial ou independente, e exista unha causa xustificada a xuízo do servicio, poderá contrata-la instalación dunha derivación ou conexión, indepen-

dentemente da existente con anterioridade para todo o inmovible. Así mesmo o servicio poderá, nos casos nos que para beneficio da subministración o encuentre aconsellable, acceder á instalación dunha segunda conexión.

#### ARTIGO 23. CONTADORES

1. Os contadores ou medidores de caudais de abastecemento de auga potable serán aprobados e verificados polos organismos competentes.

2. O Concello manterá unhas existencias de contadores, adecuadas ás necesidades de caudais de abastecemento, para a súa venda ós abonados que o soliciten. A venda dos devanditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas que se establezan e aprobadas polo Concello. O Concello poderá subscribir un contrato de subministro cunha empresa capacitada para a posta a disposición do servicio de augas de cantos contadores sexan precisos para a prestación do servicio.

#### ARTIGO 24. INSTALACION E PRECINTADO DE CONTADORES

1. A colocación e instalación de contadores realizarase por conta do solicitante por un técnico competente, correndo os gastos por conta do abonado, realizándose a instalación a través da correspondiente arqueta e en ningún caso directamente coas tubarias principais do servicio. No momento de proceder á conexión terá que estar presente persoal municipal para realizalo precintado da instalación e debe avisalo solicitante ó Concello coa antelación suficiente.

2. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados polo uso normal ou antigüidade corresponderalle ó propietario, debendo porlo en coñecemento do Concello para realizar un novo precintado.

#### ARTIGO 25. CONTADORES INDIVIDUALIZADOS

1. Toda vivenda unifamiliar ou local comercial (independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou a prestación de calquera servicio) disporá dun contador individual.

2. Cando nun mesmo edificio exista máis dun usuario, cada un deberá ter contador individual a mais dun contador para os servicios comúns. No caso de comunidade de propietarios con contador xeral, o mínimo de aboamento obrigatorio será o que lle corresponda á suma de tantos mínimos como número de vivendas ou locais ou abastecemento a servicios propios da mesma. A comunidade dos propietarios será responsable do pagamento do recibo correspondente. Os contadores deberán indicar ó piso ou local ó que abastecen.

O contador, que estará verificado polo organismo competente, será propiedade do abonado. Nos

casos nos que nun mesmo edificio existan distintos tipos de subministración (doméstico, industrial, hosteleiro, etc...), instalaranse contadores independentes para cada un deles, pero se debido as esixencias técnicas, só se pode instalar un, o consumo total tarifarase de acordo coa tarifa máis alta correspondente ós englobados no contador único. Non se permitirá estender unha mesma concesión a varios predios ou edificacións, aínda no caso de estaren contiguas e pertenceren ó mesmo dono. Os contadores estarán colocados nun lugar adecuado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso instalada fronte ó predio de que se trate e sempre no exterior da vivenda. No caso de vivendas colectivas situaranse nun compartimento ou caixa, mediante sistema chamado de batería ou similar, de tal forma que o empregado lector do servicio poida libremente anota-las indicacións de todos os contadores nun só acto.

Os contadores instalados no interior trasladaranse ó exterior no prazo de seis meses desde a entrada en vigor do presente regulamento.

#### ARTIGO 26. ACCESO O CONTADOR É AS INSTALACIONES DE PERSOAL AUTORIZADO

O abonado estará obrigado a facilitarlle o acceso ó contador ó persoal designado polo Concello, que deberá leva-la oportuna identificación.

#### ARTIGO 27. VERIFICACION E REVISION DE CONTADORES

1. No caso de que o abonado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ó rexistrado polo seu contador, poderá solicita-la súa verificación ante a Delegación de Industria ou presentar a correspondente alegación ante o Concello. O abonado deberá depositar para tales efectos as tarifas de verificación que se establezan.

2. Se se probara que o funcionamento do contador é correcto, o abonado perderá a fianza de verificación depositada. Se o funcionamento do contador fora incorrecto, devolveráselle ó abonado a cantidade depositada como fianza, resultando os gastos de verificación a cargo do concello. As tolerancias para verificacións de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de metroloxía ou organismo equivalente.

As tolerancias para verificacións de funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o proponente sexa o abonado, o Concello procederá a refacelas liquidacións por consumo de auga, corrixidas nas porcentaxes de desviación detectadas, correspondentes ós tres primeiros meses anteriores ó momento de petición de verificación polo abonado.

**ARTIGO 28. CONTADORES INTERIORES**

1. O abonado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes.

2. O Concello guiarase, sen embargo para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparellos de medida do servizo, non estando obrigados a acepta-las reclamacións que se apoiem en lecturas dos contadores non instalados polo Concello.

3. As operacións de colocar e retirada de contadores só poderán ser executadas por persoal cualificado, prohibíndose a calquera outra persoa facer calquera operación neles. Así mesmo queda prohibido altera-los precintos que como garantía levan colocados os contadores.

**ARTIGO 29. LECTURA DE CONTADORES**

1. A lectura periódica dos contadores será realizada polo persoal do Concello, debidamente acreditado. A lectura tomada determinará o consumo do abonado.

2. A lectura e facturación de consumos farase trimestralmente.

3. Cando, por circunstancias alleas á vontade do Concello, non fose posible a lectura do contador do abonado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando no buzón de correos do abonado ou similar unha tarxeta na que reflectirá esta circunstancia e na que o abonado poderá reflecti-la lectura efectuada polo mesmo. O abonado deberá devolve-lo impreso de lectura debidamente cuberto antes dos seis días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo Concello con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como se o consumo fose cero nese período e sen que dea lugar a descontos por eses mínimos en facturacións posteriores.

**CAPITULO IV****SERVICIO DE SANEAMENTO****ARTIGO 30. DEREITOS DO CONCELLO**

1. O Concello está facultado para a prestación dos seguintes servizos relacionados co saneamento:

- Utiliza-la rede pública para a captación e canalización de augas residuais ata as instalacións de depuración.
- A execución das instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e conexións de saneamento.
- A limpeza da rede de sumidoiros levando os residuos ás instalacións previstas e autorizadas para tal fin.

- O tratamento, cos medios e infraestructuras postos á disposición polo Concello ou, de se-lo caso, polas entidades públicas correspondentes das augas residuais con anterioridade o seu verquido ás canles públicas.

**ARTIGO 31. OBRIGA DE CONEXION**

1. Os propietarios de vivendas, locais, industrias deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de cincuenta metros da rede pública.

Para isto, solicitarán a conexión correspondente, que se realizará da forma establecida no art. 3 b) e realizaran a obra á súa conta.

Cando se asuma polo Concello, farase por conta do abonado de acordo coa ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros.

2. Está prohibido verter na rede de saneamento as augas pluviais.

**ARTIGO 32. CONEXION DE EDIFICIOS**

Os edificios fronte ós que exista rede pública de conductos, verterán a esta directamente as augas residuais a través da correspondente conexión, sen atravesar propiedades de terceiros, salvo que este constituída a servidume de paso que sexa esixible en Dereito.

Será necesario que as augas verquidas cumpran as condicións físico-químicas esixidas neste regulamento e, de se-lo caso, na lexislación vixente.

**ARTIGO 33. INSTALACIONES INTERIORES DE SANEAMENTO**

1. As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen en cota inferior á rasante da rúa, deberán ser completamente estancas á presión de 1 Kg/cm<sup>2</sup>.

2. Naqueles casos nos que os desaugadoiros dun edificio se atopen a cota inferior ó colector da rúa, o propietario ou propietarios deberán instalar ó seu cargo a infraestructura e equipo de bombeo necesario para efectuar o verquido á rede pública.

**ARTIGO 34. SEPARACION DE VERQUIDOS**

1. Naqueles casos nos que as vivendas, locais comerciais e edificios industriais utilicen auga doutras procedencias, exclusivamente ou xunto coa rede pública de abastecemento, e vertan as súas augas residuais á rede pública de saneamento, o Concello aplicará a tarifa de saneamento que corresponde na ordenanza fiscal, ou a correspondente estimación de ámbolos caudais.

2. Está prohibido o verquido á rede pública de saneamento de augas residuais por quen non sexa abonado ó servizo.

3. Non se poderá verter á rede de saneamento as augas non residuais e que se recollan nos baixos e sotos do edificios e provenientes de mananciais ou filtracións do terreo. No caso de que fora autorizado o devandito verquido por non haber outra posibilidade, o responsable do mesmo estará obrigado a aboar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados en bombas e depuración polo caudal verquido.

*ARTIGO 35. PROHIBICION DE VERQUIDO DE SUBSTANCIAS NOCIVAS OU PERIGOSAS*

1.—Queda totalmente prohibido verter directamente ou indirectamente á rede pública de saneamento os materiais ou substancias previstas no RD Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Augas; o seu Regulamento do Dominio Público Hidráulico e demais no seu desenvolvemento; a Lei 10/98, de 21 de abril de residuos, así como a Lei Galega 10/97 de residuos sólidos urbanos e demais que fosen de aplicación.

2.—O Concello, en relación coa xestión das estacións de depuración de residuais, terá en conta unha relación de verquidos industriais que determinen as substancias que poidan perturbar a boa marcha da instalación da depuración e os tratamentos particulares que deberán realzar, de se-lo caso, o abonado industrial, para que lle sexa permitido verter á rede pública de saneamento.

3.—Os danos e perdas que puideran derivarse dun verquido prohibido definido neste artigo será imputado totalmente ó causante do mesmo, sen prexuízo das responsabilidades de tipo legal no que puidera incurrir.

*ARTIGO 36. SANCIONS EN MATERIA DE VERQUIDOS PROHIBIDOS*

1.—Está prohibida a realización de calquera tipo de verquido que poida causar efectos perniciosos na infraestrutura de saneamento, supoña risco para as persoas ou molestias para a colectividade.

2.—A infracción do disposto no parágrafo anterior deste artigo, independentemente da adopción das medidas legais que sexan do caso, dará lugar a que o Concello adopte as seguintes medidas:

- a) A prohibición inmediata e total do verquido cando se trate de substancias de efecto prexudicial e non poida corrixirse na estación depuradora.
- b) A obriga de implanta-lo tratamento preventivo, por exclusiva conta do abonado, que reduza as concentracións dos elementos contaminantes ós límites permitidos.

3.—O Concello establecerá a vixilancia e comprobación regular dos verquidos e as súas concentracións.

Descuberto polo Concello (ou inspectores autorizados) a existencia de verquidos irregulares, redactarase acta de infracción, que será posta inmediatamente en coñecemento das Administracións públicas que teñan competencia na materia para a imposición das sancións administrativas ou a existencia de responsabilidade que proceda.

*ARTIGO 37. FORMA DE CONEXION A REDE DE SANEAMENTO*

1.—As conexións de saneamento serán realizadas da forma prevista no art. 3 b), e comprenden dende a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do abonado ata o seu entronque no colector xeral.

2.—As conexións de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización polo Concello dun presuposto que será presentado ó abonado para proceder ó cambio de conexión. Se o abonado non se fixera cargo deste presuposto, o Concello quedará eximido de toda responsabilidade fronte os eventuais danos producidos polo mal funcionamento da conexión de saneamento, que serán por conta exclusiva do abonado.

*ARTIGO 38. ADECUACION DA CONEXIONS A NORMATIVA URBANISTICA*

As obras de construción e instalación dos colectores e conexións de saneamento, a sección das conduccións, tipo de rexistros e demais características da conexión rexeranse segundo as condicións e prescricións técnicas, as normas municipais de aplicación e as disposicións de planificación urbanística correspondente.

*ARTIGO 39. OBRIGAS ECONOMICAS DA CONEXION*

1.—As obras de construción e instalación das conexións dende a fachada do inmovible ata a conexión coa rede pública de saneamento executarase segundo determina o art. 3 b). Para o caso de que a execución dos traballos se asuma por este, farase a cargo do petionario segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros aprobada polo Concello.

*ARTIGO 40. ARQUETAS DE REXISTRO*

1.—Toda conexión de rede de sumidoiros deberá dispoñer dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do abonado.

2.—A limpeza das conexións, será executada polo abonado, e no caso de realizala o Concello, percibirá do abonado o importe debidamente liquidado pola devandita limpeza como contraprestación.

*ARTIGO 41. COMPROBACION PREVIA  
A CONEXION*

1.—Previamente á conexión á rede pública de saneamento, o Concello realizará as comprobacións que estime necesarias para controlar que o fluente previsto cumpre as condicións físico-químicas que se especifican neste regulamento, e que a instalación interior se axusta ás normas aplicables.

2.—Se o abonado ocultase datos u enmascarase as características do fluente, serán de aplicación as actuacións de control e de posible suspensión do servizo que se reflectiron no artigo correspondente deste regulamento.

*ARTIGO 42. MODIFICACION DE CONEXIONS  
EXISTENTES*

1.—Cando con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incrementase o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de verquido, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar ó Concello as novas conexións, en caso contrario, e a modificación das pólizas do servizo que procedan. As novas conexións executaranse segundo determina o art. 3 b). Para o caso de que a execución dos traballos se asuma por este, farase a cargo do petionario segundo a ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros aprobada polo Concello.

2.—No caso de que descubriaran, polos servizos técnicos do Concello, a realización de obras de saneamento non comunicadas ó servizo, levantarase acta deste feito. A execución de obras de saneamento que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste regulamento tanto directamente como indirectamente, e a ocultación de datos das conexións, poderá motivar a inmediata suspensión do servizo e o cargo polo Concello dun ano de utilización do servizo de acordo coas tarifas vixentes.

*ARTIGO 43. RESPONSABILIDADE MUNICIPAL*

1.—O Concello non asume responsabilidade algunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de condicións que discorran por terreos excluídos das vías públicas, sempre e cando as conduccións non sexan de titularidade municipal.

2.—No caso de que os servizos do Concello ou das entidades públicas que correspondan, e que por existir risco grave para a saúde pública previo informe técnico sanitario en tal sentido, decidirán a necesidade de executar obras de saneamento en terreos non públicos, ou labores de limpeza e desatamento en dominios privados, o Concello poderá executar tales traballos, autorizando o reparto li-

neal dos custos incorridos entre todos os abonados e usuarios afectados. A relación de afectados e o presuposto e custo das obras será xustificado polo Concello.

*ARTIGO 44. VERQUIDOS PROVISIONAIS*

1.—Nos casos nos que se concedan conexións ou tomas de auga provisionais para obras, o Concello indicará ó constructor ou solicitante, cando fora necesario, o punto autorizado para o verquido de augas residuais.

2.—O constructor e os usuarios desa conexión provisional absteranse de verter materia algunha que, por sí mesma ou en relación coa auga, poida provocar atascos ou danos na conducción de saneamento, sendo responsables dos danos nos que puideran incurrir.

3.—A autorización de verquidos, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede pública de saneamento seralle solicitada ó Concello nos impresos que se faciliten por este, consignándose os datos necesarios para a identificación dos verquidos que se pretendan. O Concello aplicará os prezos que correspondan, deducidos da tarifa de saneamento aprobada.

*ARTIGO 45. TIPOS DE VERTIDOS.*

1.—Para os efectos do presente regulamento, os verquidos clasificaranse nas modalidades seguintes:

- a) Augas de desfeito domésticas, ou residuais domésticas.
- b) Augas de desfeito industriais, ou residuais industriais.

2.—Considéranse como augas residuais domésticas as que procedan do uso da auga de abastecemento en vivendas, sexan individuais ou colectivas, así como daquelas institucións e centros que sexan asimilados, pola súa natureza ou en razón do servizo social que presten, á tarifa de saneamento aprobada. Estas augas residuais levarán, salvo casos excepcionais, os desfeitos procedentes da preparación, cocción e manipulación dos alimentos, as augas de lavado de roupas e utensilios de cociña, excrementos humanos e materias biodegradables producidos no normal desenvolvemento das actividades domésticas. Non se permite a incorporación ás augas residuais domésticas de disolventes, pinturas, ácidos, substancias non sólidas non degradables, plásticos nin aqueles elementos que poidan provocar obturación das condicións ou o seu dano.

Evitaranse igualmente, aqueles elementos que sexan de difícil ou imposible eliminación nas depuradoras de residuais.

3.—Considéranse como augas residuais industriais as procedentes do uso da auga de abastecemento en establecementos industriais, naves e lo-

cais comerciais de todo tipo, que poidan ser susceptibles como consecuencia da actividade destes establecementos, o carrexar outros desfeitos diferentes ademais, ou en vez, dos presentes nas augas residuais definidas como domésticas.

4.—A tarifa de abastecemento e saneamento que se aplicará deberá ser, en todos os casos, uniformemente, industrial ou doméstica.

#### ARTIGO 46. BAIXA NO SERVICIO DE SANEAMENTO

1.— As autorizacións de verquidos e saneamento quedarán sen efecto nos seguintes casos:

- a) A petición do usuario, de non existir finalmente ocupación da vivenda, local ou establecemento, o que suporá darse de baixa como abonado do abastecemento e, simultaneamente e consecuentemente, do saneamento.
- b) Por decisión das autoridades, como consecuencia de resolución xudicial ou administrativa, a proposta ou non do Concello.

2.— Con carácter específico, os verquidos á rede de sumidoiros axustaranse na súa composición e características ás condicións e requisitos que se indican, afectándolles as prohibicións que se expresan:

- a. Ausencia total de gasolinas ou produtos derivados do petróleo, benceno, xileno e calquera outro disolvente, así como substancias combustibles ou inflamables. Os talleres de automóbiles, garaxes e similares deberán dispoñer de fosas de decantación.
- b. Ausencia total de carburo cálcico e outras substancias tóxicas potencialmente perigosas como hidruros, peróxidos, cloratos, percloratos e bromatos.
- c. Ausencia de compoñentes susceptibles de dar lugar a mesturas inflamables ou explosivas.  
Para tales efectos as medidas efectuaranse cun exposímetro no punto de descarga de verquidos á rede de sumidoiros deberán ser sempre valores inferiores ó 10% do límite inferior de esplosividade.
- d. Non se permitirá o envío directo á rede de sumidoiros de gases procedentes de escapes de motores de combustión interna.
- e. Non se permitirá presenza de cantidades notables de materias sólidas ou constituídas por partículas de gran tamaño, susceptibles de provocar obstrucións na rede de sumidoiros e obstaculiza-los traballos de conservación e limpeza da rede, incluíndose entre outras substancias ou materias, cinzas, feluxe, area, barro, palla, labra, metal, vidro, trapos, ceras e graxas semisólidas, sangue, esterco, desperdicios de animais, cascas e outras análogas, xa sexan enteiras ou trituradas.

- f. Verquidos periódicos ou esporádicos cunha concentración, caudal horario ou cantidade horaria de polucionantes que exceda durante calquera período maior de 15 minutos e en máis de 5 veces o valor promedio en 24 horas da concentración, caudal horario ou cantidade horaria de polucionantes, e que poidan causar perturbacións no proceso de tratamento das augas residuais.
- g. Concentracións de desfeitos radioactivos que infrinxan as regulamentacións aplicables.
- h. Desfeitos con cloracións indesexables, e non eliminables polo proceso de depuración de augas aplicado.
- i. Disolventes orgánicos e pinturas de calquera que sexa a súa proporción e cantos líquidos conteñan produtos susceptibles de precipitar ou depositarse na rede de sumidoiros ou reaccionar coas augas desta.
- j. Demais prohibidos pola lexislación de augas, medioambiental e sectorial que fose de aplicación.

#### ARTIGO 47. CONSIDERACIONES PARA A AUTORIZACION DE VERQUIDOS INDUSTRIAS

1.—Con independencia dos requisitos de carácter xeral que son de obrigado cumprimento, os solicitantes de conexións de saneamento para residuos industriais deberán presentarlle ó Concello un proxecto que conteña a descrición detallada dos verquidos, e indique as características físico-químicas, caudais e a periodicidade. Á vista dos datos aportados, o Concello poderá autorizar ou non a conexión á rede pública de colectores, sen necesidade de tratamento corrector previo.

2.—Se da valoración realizada polo concello do proxecto citado se desprendese que non é posible a autorización de verquidos e fora necesario establecer instalacións correctoras para adecualos ós límites permitidos, o Concello comunicarllo ó interesado, ordenándolle as correccións que ten que introducir e concedéndolle un prazo que estará en razón da magnitude das mesmas.

#### ARTIGO 48. INSTALACIONES INTERIORES

A execución das obras e instalacións de saneamento interiores, a súa conservación e garantía do correcto funcionamento estarán a cargo dos propietarios ou titulares da industria, podendo ser comprobado o seu estado por persoal do Concello cando sexa necesario, en razón das garantías de control e bo servizo que está obrigado a subministrar.

#### ARTIGO 49. CONEXION DE INDUSTRIAS

1.—Non se permitirá a conexión ás redes de auga nin ás redes de sumidoiros ás industrias que

non dispoñan de autorización, emitida en conformidade cos proxectos e informes técnicos presentados.

2.—De das comprobacións e análises que se efectúen para os efectos de determinar que os resultados do tratamento corrector non son os previstos no proxecto aprobado ou resultaran insuficientes, o usuario está obrigado a introducir as modificacións necesarias para obtelos resultados do proxecto inicial.

#### ARTIGO 50. ANALISE DOS VERQUIDOS

1.—As análises e probas para comproba-las características dos verquidos efectuaranse polo persoal do Concello, cos seus medios ou os que foran necesarios; por asistencias técnicas contratadas ó efecto; polos facultativos designados pola Administración Autónoma ou polos servicios cualificados contratados, todo elo de acordo cos métodos estándar legalmente establecidos.

2.—Os gastos das análises correrán a cargo do abonado, empresa ou particular que sexa causante dos verquidos ou, de se lo caso, teña encargada a realización das probas de identificación ou os seus contrastes.

#### ARTIGO 51. TOMA DE MOSTRAS

Para a toma de mostras, exame e control de verquidos, o persoal do Concello ou o sinalado polo mesmo, verá facilitado polos donos ou titulares das instalacións o acceso as mesmas, para a realización de medicións ou outros medios de comprobación que estimen necesarios en relación co servicio.

Capítulo IV. Réxime económico. Facturación, cobro e información

#### ARTIGO 52. DETERMINACION DO CONSUMO

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado concretaranse pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación. O importe da facturación calcularase de acordo coa ordenanza vixente.

#### ARTIGO 53. LIQUIDACION EN AUSENCIA DE MEDICION

1.—Cando non sexa posible coñecer os consumos de auga realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase de acordo co consumo realizado durante o mesmo período de tempo en na mesma época do ano anterior; de non existir referencia, liquidaranse as facturacións de acordo coa media aritmética dos meses anteriores.

2.—Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter o promedio ó que se alude no parágrafo anterior, facturarase o mínimo.

3.—A existencia de consumo sen contador, agás nos casos especificamente autorizados dará lugar a liquidación por fraude, sen prexuízo das sancións que procedan.

#### ARTIGO 54. PRECINTADO DE CONTADORES

1.—É obrigatorio o precintado de todo o aparello de medida; en canto ás súas lecturas serven de base de liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante:

- a. Que o contador pertence a un sistema aprobado.
- b. Que o funcionamento no momento da instalación é correcto.
- c. Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidera alteralo seu bo funcionamento.

2.—O abonado nunca poderá manipular o aparello de medida nin o seu precinto. Non se poderán manipular os mesmos non conectar tomas de auga ou facer derivacións nos conductos antes ou á entrada do contador. A súa instalación e precintado será realizado sempre polo persoal do Concello.

Realizarase a verificación e precintado dos contadores nos seguintes casos:

Despois de toda reparación que poida afectar á regularidade da marcha do aparello ou esixira o levantamento dos seus precintos.

Antes de polo novamente en funcionamento se por calquera causa saíra do domicilio do abonado.

Cando se rompa, perda ou altere o precinto oficial.

Cando se produza un cambio na titularidade do subministro.

Sempre que o servicio ou o usuario o solicite.

#### ARTIGO 55. CONSERVACION E ACCESO O EQUIPO MEDIDOR

É obriga do abonado a conservación en bo estado do aparello de medida e do recinto no que se acolle, así como o acceso o mesmo.

#### ARTIGO 56. EMISION DE RECIBOS E OBRIGA DE PAGO

1.—A facturación do servicio de abastecemento e saneamento dunha vivenda ou local farase nun só recibo, cando sexa posible, a nome do abonado do abastecemento e polo mesmo período de facturación para ámbolos servicios.

2.—Nos casos de comunidade de propietarios con contador xeral colectivo, a facturación do servicio de saneamento farase no mesmo recibo de abastecemento e con cargo a comunidade.

3.—O abonado poderá facer efectivos os importes liquidados polo Concello nos lugares e na forma que así se determinen polo mesmo.

4.— No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables o abonado, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo da devandita devolución, incluída a liquidación de xuros de mora correspondentes.

Dúas devolucións consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

Pasado o período voluntario sen facer efectivo o correspondente recibo, isto será causa de suspensión da subministración, sen prexuízo de que o importe impagado quede incluído en procedemento de constrinximento. Para os casos de morosidade no aboamento de recibos, o Concello autorizará a xestión do corte de subministración. Correrán a cargo do abonado os gastos derivadas da devandita xestión, se se realizase o pagamento antes de efectuarse o corte, así como os de reposición da subministración no caso de que o corte se realizase.

#### ARTIGO 57. DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS

1.—O abonado terá dereito a reclama-la devolución de ingresos indebidos do Concello. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida ou calquera outra causa que provocara o erro.

2.—Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos da reclamación, e acompañarase á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que corresponda.

#### ARTIGO 58. SOLICITANTE DA RECLAMACION

Non será atendida ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada polo abonado ou persoa que lle represente legalmente.

#### ARTIGO 59. VIXILANCIA E CONTROL

1.—O Concello vixiará as condicións e formas que os abonados utilizan o servizo de abastecemento e saneamento.

2.—A negativa a facilitarlle-la entrada en horas hábiles ás persoas autorizadas polo Concello para efectua-las devanditas comprobacións, xustificaranse mediante a presenza dun axente da autoridade para os únicos efectos de que sexa testemuña

da negativa. Nos casos de que non sexa posible a súa presenza, bastará a xustificación mediante testemuñas.

#### ARTIGO 60. BAIXA NO SERVICIO

Cando o abonado cause baixa no servizo de abastecemento e saneamento, virá obrigado a aboar

todos os recibos pendentes e o importe total da facturación do trimestre no que cause baixa.

A nova alta determinará a liquidación de novo das correspondentes altas por conexión.

#### INSPECCION E SANCION

##### ARTIGO 61. ACTAS DE INSPECCION

1.—A actuación dos inspectores do Concello reflectiranse nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedará reflectidos o nome e o domicilio do abonado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados. Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráselle ó abonado.

2.—Os inspectores deberán invitar ó abonado, ó persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar como testemuña a que presencia a inspección e asine o acta, podendo o abonado facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non lle afectará á tramitación e ás conclusións que se establezan posteriormente. O abonado poderá dirixirse, posteriormente aínda dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á dirección do Concello. Non se tomarán en consideración as manifestacións que non veñan asinadas polo abonado titular ou quen acredite a súa representación.

##### ARTIGO 62. LIQUIDACION EN CASO DE FRAUDE

1.—O Concello en posesión da acta, formulará a liquidación do fraude, distinguíndose, para os efectos de devolución e as responsabilidades do fraude os seguintes casos:

- a. Que non exista contrato ningún para a subministración de auga.
- b. Que por calquera procedemento, se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparello de medida.
- c. Que se realizaran desviacións do caudal, permanentemente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.
- d. Que se utilice a auga para os usos distintos dos contratados, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa que se aplicará.

2.—O Concello practicará a correspondente liquidación y le serán notificadas ós interesados que contra as mesmas, poderán formular cantos recursos e reclamacións sexan posibles.

##### ARTIGO 63. TIPIFICACION DE INFRACCIONS E SANCIONS

1.—De acordo coa modificación da Lei 7/85 de réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común operada pola

Lei 57/03 de modernización do goberno local, tipifícanse as infraccións en moi graves, graves e leves.

2.—Considéranse como moi graves as infraccións que supoñan:

- a. Unha perturbación do servizo de abastecemento e saneamento que afecte de xeito grave e supoña un impedimento do uso do servizo público por outra persoa con dereito a súa utilización.
- b. Obstrución grave e relevante do normal funcionamento do servizo público.
- c. Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestructuras e instalacións ou elementos dos servizo público de abastecemento e saneamento.
- d. Os actos de deterioro grave e relevantes de espazos públicos afectos ó servizo público de abastecemento e saneamento, sexan móbiles o inmóbiles, así como o seu impedimento de uso dun espazo público por outra ou outras persoas.
- e. A manipulación nas instalacións que determinen un uso incontrolado ou fraudulento da auga.
- f. Obstaculizar a labor de corte de subministro do persoal do servizo en cumprimento das súas obrigas.
- g. Calquera acción ou omisión conducente a empregar auga sen coñecemento do Concello.
- h. Vender auga sen coñecemento do concello.
- i. O emprego abusivo do subministro de auga con prexuízo de terceiros, en xeral e en casos particulares.
- j. Desatender as comunicacións do servizo dirixidas a subsanar deficiencias observadas nas instalacións, que terán que selo no prazo máximo de 15 días, caso de non establecerse expresamente un prazo distinto.
- k. Os que dispoñendo dun subministro de boca de rego, desperdicien abusivamente a auga ou falten ás condicións impostas neste regulamento e no correspondente contrato de subministro.

Considéranse como graves e leves as condutas descritas anteriormente en función dos criterios establecidos no apartado 2º do artigo 140 da Lei 57/03.

3.—Considéranse infraccións graves:

- a. Impedir ou dificultar as lecturas dos contadores ou comprobación de cantas instalacións poidan gardar relación coa actividade do servizo.
- b. Establecer ou permitir establecer derivacións na súa instalación para subministro da auga a outro local ou vivenda diferente da consignada no seu contrato de subministro.

c. A falta de comunicación ó concello dos cambios de titularidade e baixa do servizo.

d. Os que manipulen as instalacións competencia do concello sen producir defraudación.

4.—Son infraccións leves aqueles actos e omisións que supoñan incumprimento das normas regulamentarias e que non se cualifiquen nas mesmas como graves ou moi graves. A reiteración dunha infracción leve será cualificada como moi grave.

5.—Salvo previsión legal distinta, as multas pola infracción cometidas contra o servizo de abastecemento e saneamento respectarán as seguintes contías:

— I. Infraccións leves, de 30 a 750 €.

— II. Infraccións graves, de 751 ata 1.500 €.

— III. Infraccións moi graves, de 1.501 € a 3.000 €.

A reincidencia en calquera das infraccións establecidas castigarase co duplo da contía da sanción respectiva, con resolución do correspondente contrato de subministro.

As infraccións graves ou moi graves facultarán ó concello para proceder ó corte do subministro. Serán de conta do usuario os gastos que se orixinen por tal motivo ó igual que ó do restablecemento do subministro suspendido por algunha das causas establecidas neste Regulamento. O Concello notificará ó usuario no local subministrado ou no enderezo de contacto a resolución de suspensión do subministro. O titular do subministro asume as responsabilidades sobre calquera prexuízo que se poida derivar por causa do corte de auga motivada por unha medida regulamentaria.

Derróganse cantas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó preceptuado neste regulamento.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro definitivo no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85 de bases de réxime local.

#### DISPOSICION ADICIONAL

Será competencia da Xunta de Goberno Local resolver e interpretar o contido do presente regulamento.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Establecese un período transitorio desde a entrada en vigor do presente regulamento ata o 31 de decembro de 2.005 para que os usuarios do servizo municipal de auga e saneamento municipal do Concello do Rosal se adaptan ó contido do mesmo en especial no relativo á instalación de contadores e material homologado e ó seu precinto por parte do persoal municipal.

Durante ese período os usuarios que estean conectados ó mesmo de forma clandestina e procedan á súa regularización nas dependencias municipais non será obxecto de sancións.

As obrigas de contido económico do presente regulamento entrarán en vigor e vincularanse coa aprobación da correspondente ordenanza fiscal.

Contra a presente disposición, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso administrativo ante a Sala Correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o seguinte ó da súa publicación.

Todo elo sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se estime máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O Rosal, a 13 de decembro de 2005.—O Alcalde,  
Jesús M<sup>a</sup> Fernández Portela. **2005011648**

\* \* \*